



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado aprobado definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio económico 2017, según o acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 07 de setembro do 2017, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de UN MILLON DOUSCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CATORCE EUROS CON SESENTA E OITO CENTIMOS (1.252.814,68 €), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo.	Importe
A) OPERACIÓN CORRENTES	
1.- GASTOS DE PERSOAL	560.976,97
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	324.400,61
3.- GASTOS FINANCIEROS	5.000,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	19.200,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	909.577,58
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6.- INVERSIÓN REAIS	343.237,10
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.252.814,68

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Importe
A) OPERACIÓN CORRENTES	
1.- IMPOSTOS DIRECTOS	198.813,67
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.500,00
3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	131.500,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	694.036,04
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	200,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	
B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	5.500,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	207.264,97
8.-ACTIVOS FINANCIEROS	0,00

9.- PASIVOS FINANCIEROS

0,00

TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL

TOTAL ORZAMENTOS DE INGRESOS

1.252.814,68

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o plantel de persoal desta Corporación para o exercicio 2015, que, de acordo co preceptuado no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése a continuación:

A) FUNCIONARIOS

Denominación	Nº	Grupo	Escala	Subescala	C.D.	Situación
Secretario-Interventor	1	A1/A2	H. nacional	Secreta.-Interv.	24	O
Técnico de gestión de Administración general	1	A2	Adm. General	Gestión	16	O
Traballadora Social	1	A2	Adm. General	Técnica	16	O
Auxiliar Administrativo	1	C2	Adm. General	Auxiliar	13	O
Operario conductor	1	C2	Adm Especial	Serv. Especiales	14	O
Ayudantante de Servicios múltiples	1	E	Adm. Especial	Serv. Especiales	11	O
Alguacil-Celador de obras y servicios	1	E	Adm. Especial	Serv. Especiales	11	O

B) PERSONAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Plazas
Servicio de Limpieza	2
Cuidador Albergue	1
Encargado Centro Interpretación	1
Auxiliar de Axuda a domicilio	10
Socorrista	1

FACTURAS ELECTRÓNICAS:

Así mesmo, nas bases de execución do orzamento e, de conformidade co disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica, exclúese da obriga de presentar vía electrónica a través da plataforma FACE -punto xeral de entrada de facturas electrónicas do Estado ó que está adherido este Concello de Baleira- para as facturas que teñan un importe ata cinco mil euros (5.000,00 €), impostos incluídos.

Contra a aprobación definitiva do orzamento, de conformidade co disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Baleira, 3 de outubro de 2017.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2939

BUREAL

Anuncio

Expediente nº: 1601/2017

LISTAXE DE COBRAMENTO S.A.F. XULLO 2017.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16 de agosto de 2017 a Listaxe de cobramento por aplicación do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar (libre concorrencia e dependentes), correspondente ao mes de xullo de 2017, que no seu importe total ascende á suma de 6.385,45 €.

Por medio do presente expónse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria.

En Burela, a 2 de outubro de 2017.- ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2940

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de data 9 de outubro de 2017 aprobáronse as bases para selección e contratación temporal dous peóns de obras e un animador turístico ao abeiro do Programa Depuemprego 2017 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial.

Tipo e duración do contrato: Dous peóns de obras a xornada parcial (75% da xornada) e un animador turístico a xornada completa, por un período de 12 meses.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel ata o 23 de outubro de 2017 inclusive.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Folgoso do Courel e na páxina web.

Folgoso do Courel, 9 de outubro de 2017.- Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa

R. 2998

FRIOL*Anuncio*

A Xunta de Goberno na sesión celebrada o 2 de outubro do actual prestou aprobación ao Proxecto de "Pavimentación dos camiños: 1.- Camiño Fonte do Can ó Rodo do Muiño.- 2.- Camiño de enlace Tralacorda con LU-1611.- Camiño en o Burgo de Negral", segundo proxecto elaborado ao efecto polo enxeñeiro don José Enrique Cacicedo Herrero. O mesmo sométese ao trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións. De non presentarse en tempo e forma o proxecto entenderanse definitivamente aprobado.

Friol a 4 de outubro de 2017.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez

R. 2941

OUIROL*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ouiról en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de setembro de 2017, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal correspondente ao mes de AGOSTO de 2017 do Servizo de Axuda no Fogar** nas modalidades de dependencia e libre concorrencia por importe de tres mil cento sesenta e un euros con once céntimos (3.161,11 €).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 29 de setembro de 2017.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba

R. 2942

GUITIRIZ

Anuncio

Sendo aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión de data 28/09/2017 a "Ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira" publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo de aprobación do regulamento, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da ordenanza aprobada é o seguinte:

<<ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA.

PREÁMBULO

O 12 de agosto de 2014 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a segunda Ordenanza Municipal reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do solo e dos procesos extractivos da madeira. Durante estes tres anos os servizos técnicos foron conscientes de certas deficiencias xurdidas a través da súa aplicación efectiva

Nembargantes, recentemente acaba de entrar en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPA, en diante) que na súa Disposición Final Quinta establece que "*En el plazo de un año a partir de la entrada en vigor de la Ley, se deberán adecuar a la misma las normas reguladoras estatales, autonómicas y locales de los distintos procedimientos normativos que sean incompatibles con lo previsto en esta Ley.*" En cumprimento desta Disposición, así como dos artigos 130 e 132 do mesma Lei, o Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o día 30/12/2016 aprobou o "*Plan normativo municipal para o ano 2017*" que recolle a Ordenanza Municipal reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do solo e dos procesos extractivos da madeira.

Considérase que na modificación proposta se da cumprimento aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da LPA. Así, en primeiro lugar concorren razón de necesidade e eficacia dado que actualmente a Ordenanza Municipal reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do solo e dos procesos extractivos da madeira en algún aspectos está desfasada.

A nova redacción proposta respecta os principios de proporcionalidade dado que se propón:

- Eliminación das referencias á normativa derogada (por exemplo, a Ley 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común)
- Mellora da técnica normativa á vista de problemas de tramitación que se foron observando ao longo destes anos de vixencia da ordenanza.
- Eliminación dos trámites innecesarios á vista do novo réxime xurídico do procedemento administrativo común consagrado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre outras medidas prevese a creación dun rexistro de empresas madeiras, no que se manterá actualizado a documentación, garantindo a eficacia e eficiencia administrativa para que o administrado non teña que aportar a documentación administrativa por duplicado.
- Incorporación de modelos normalizados para inscrición no rexistro de empresas madeiras, solicitudes de autorización ou devolución de aval .

A presente ordenanza ten como finalidade de velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das operacións de saca de madeira, comprendéndose dentro desta as operacións preparatorias da corta da madeira, almacenamento e transporte.

Resulta tamén prioritario o interese en protexer ás persoas, vivendas e outras edificacións nos supostos de incendios forestais; e para iso é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

O uso dos camiños e vías públicas municipais en condicións óptimas é un dereito de toda a comunidade de usuarios, e esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do Concello, tanto públicos como privados.

Conscientes da importancia do sector forestal, pero tamén da incidencia que esta actividade pode ter na conservación e mantemento das infraestruturas viarias de titularidade municipal, esta ordenanza pretende facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños e a seguridade vial.

En último lugar, para dar cumprimento ao principio de transparencia, esta modificación será obxecto de consulta pública nos termos do artigo 7 das "*Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de Elaboración das Ordenanzas e Regulamentos*", aprobadas polo Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o 26/01/2017.

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais fronte os danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das sacas de madeira que se produzan dentro do termo municipal de Guitiriz.

Quedan excluídos da presente ordenanza as pistas forestais tal como son definidas polo artigo 98.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, isto é todos aqueles camiños de tránsito rodado de titularidade pública ou privadas, fora da rede de estradas, vinculado á xestión forestal e situado en sólo rústico de protección forestal, así como servidumes de paso a fincas de titularidade privada.

Artigo 2. Fundamento.

A regulamentación por medio da presente ordenanza das operacións de saca de madeira fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6, 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e os artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

1.- Para os efectos desta ordenanza, enténdese por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

2.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- as talas puntuais de exemplares de árbores illadas
- as podas e refaldes en plantacións forestais
- o clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- os traballos de desbroce e limpeza de predios
- as talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico, a eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens, ou as que se produzan como consecuencia da enfermidade da especie.

Artigo 4. Rexistro de empresas madeireiras

- B) As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Guitiriz deberán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto. Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I, achegando a seguinte documentación:
- C) Copia do NIF ou CIF
- D) Copia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e perxuízos que poidan causarse con ocasión da corta, saca, depósito e transporte de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente na solicitude de inscrición, e presentar garantía mediante fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 7º, cada vez que realice unha actividade madeireira.
- E) Listado dos vehículos e maquinaria a empregar nas operacións a desenvolver, detallando o marca, modelo, matrícula, PMA e TARA de cada un.

Artigo 5. Solicitude de autorización de actividades extractivas de madeira

1.- As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Guitiriz, unha vez feita a inscrición no rexistro establecido, para garantir a conservación dos camiños e vías públicas municipais con motivo da execución de operacións de saca de madeira dentro do termo municipal de Guitiriz, será obrigatorio presentar, con 15 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da súa execución, unha solicitude de autorización, conforme ao modelo contemplado no Anexo II desta ordenanza, e sen prexuízo da obtención dos permisos e/ou autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar montes ou terreos forestais.

2.- A solicitude deberá estar asinado polo madeireiro, en el deberán constar os seguintes datos:

- C) Datos de identificación do madeireiro e do propietario forestal:
- D) Persoa física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.
- E) Persoa xurídica: razón social, CIF, enderezo, teléfono, nome, apelidos e NIF do representante da empresa.
- F) Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira.
- G) Nome do titular ou titulares das parcelas afectadas polo aproveitamento.
- H) Identificación da/as finca/as ou monte/es afectado/os, lugar/es e parroquia onde se sitúa.
- I) Lugar ou lugares previstos para depósito da madeira á espera da súa carga.
- J) Camiños e vías a empregar nas operacións de saca e transporte de madeira.
- K) Declaración responsable do madeireiro de compromiso a repoñer os danos e retirada de restos de biomasa e outro tipo de lixo.

3.- Xunto coa solicitude, deberase aportar a seguinte documentación:

- C) No seu caso, fotocopia da solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- D) Cando sexa o caso, copia das autorizacións sectoriais precisas (organismo de conca, patrimonio cultural, estradas, etc)
- F)
- E) Plano indicativo dos camiños e vías a empregar nas operacións de saca de madeira e das zonas elixidas para depósito da madeira

4.- Unha vez presentada solicitude, se xurdiran aproveitamentos concatenados de fincas non incluídas ao inicio, estas poderán irse incorporando á solicitude inicial, achegando a documentación esixida no artigo 3, dos montes e/ou parcelas afectados, sempre e cando se empreguen as mesmas vías de saca e os mesmos lugares de acopio inicialmente relacionados.

5.- O madeireiro na súa solicitude entenderá que as vías públicas a empregar atópanse en perfecto estado, agás que achegue unha reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar que será comprobado polos servizos municipais. Posteriormente, trala súa utilización achegará, así mesmo, unha reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.

6.- No caso de que se incumpra a obriga de solicitude de autorización establecida neste artigo, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido nos apartados 2º e 3º do seguinte artigo.

7.- Unha vez presentada no rexistro xeral do Concello a solicitude de autorización xunto coa documentación sinalada nos apartados 2º e 3º deste artigo, o concello notificará a autorización favorable ou non favorable para executar os traballos de aproveitamento madeireiro comunicados.

8.- O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou o depósito por calquera das vías ou zonas indicadas na solicitude de autorización, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada.

Artigo 6. Obrigas.

1.- Son obrigas do madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira as seguintes:

- a) Presentar a solicitude de autorización nos termos indicados no artigo anterior.
- b) Sinalizar os vias situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.
- c) Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións. Esta obriga deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
- d) Limpar as superficies dos montes e terreos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituír risco de incendio.
- e) Repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.
- f) Deberá sinalizar debidamente os depósitos cun selo cos datos da empresa que está realizando os traballos de aproveitamento madeireiro para que o Concello poida identificar en cada momento á empresa responsable e comprobar se presentou comunicación previa.
- g) Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares da tala, vias de acceso, instalacións e demais infraestructuras, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.
- h) Constituír, de ser o caso, a garantía a favor do Concello, conforme ao establecido no artigo 7.

2.- En caso de que o madeireiro incumpra algunha das obrigas contidas no apartado anterior, o Concello requirirá para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poida exceder dun mes. Cando o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes e/ou parcelas de que se trate.

3.- O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza, conforme ao establecido nos artigos 8 a 12 da mesma.

Artigo 7. Garantía.

No suposto de que non sexa titular ou beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar, que garanta a reparación dos danos ou prexuízos que poda ocasionar con motivo das operacións de corta e saca de madeira, o madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada que se recolle no seguinte recadro:

Concepto	Garantía
Por tonelada de madeira extraída	1 €/tn
Camiños e pistas, entendéndose como tales o viario con pavimento de terra, zahorra ou similar	1 €/m.l.
Estradas, entendéndose como tales o viario pavimentado con tratamento asfáltico e/ou formigón.	2 €/m.l.

1.- No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar aproveitamentos concatenados de fincas non incluídas na comunicación previa, deberá presentar a garantía correspondente as toneladas correspondentes.

2.- As empresas madeireiras deberán depositar na Tesourería municipal a garantía a hora de presentar a solicitude de autorización e en todo caso con anterioridade ao comenzo dos traballos, a favor do Concello, en calquera das formas establecidas no Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

3.- No caso de que se incumpra a obriga a que se refire o apartado anterior, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido nos apartados 2º e 3º do artigo 6 desta ordenanza.

4.- Unha vez rematados os traballos de saca de madeira, esta garantía será devolta a petición do madeireiro segundo o Anexo III.

5.- No prazo de 30 días, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, no que quede reflexado que non se causaron danos nin desperfectos nas vías e infraestruturas públicas municipais, e de que as pistas, camiños ou espazos públicos utilizados se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos.

6.- En caso de incumprimento das obrigas, o Concello procederá de conformidade co establecido nos apartados 2º e 3º do artigo 6 desta ordenanza.

Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, se este foi atendido, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais. De non darse cumprimento ao requirimento, o Concello acordará a execución subsidiaria, e procederá a realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do obrigado, sobre o importe da garantía depositada.

7.- Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público.

Artigo 8. Exencións da presentación de garantías.

1. Estarán exentos da prestación de garantías os aproveitamentos madeiros e leñosos para uso doméstico, definidos no artigo 19) do Decreto 50/2014, de 10 de Abril, que regula os aproveitamentos madeiros e leñosos, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O aproveitamento será exclusivamente para uso doméstico non sendo susceptible de comercialización.
- O aproveitamento non poderá superar os 10 m³ anuais por persoa propietaria.
- A saca da madeira se realizará por medio de tractor e remolque cuxa carga máxima non supere os 3.000 Kg

Artigo 9. Prohibicións.

O madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira deberá respectar as seguintes prohibicións:

- Iniciar os traballos de tala sen contar cos permisos e/ou autorizacións sectoriais correspondentes.
- Usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira. Os depósitos de rolla, ramas ou podalla, non poderán invadir as zonas de circulación de vehículos e persoas, nin menoscabar as infraestruturas anexas aos viais, nin supoñer un risco para os usuarios da vía.
- Efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movementos de terra sen contar coa preceptiva autorización.

Artigo 10. Infraccións.

1.- Constitúen infraccións a esta ordenanza as accións ou omisións tipificadas como moi graves, graves e leves, de conformidade co disposto nos apartados 2º, 3º e 4º deste artigo.

2.- Son infraccións moi graves:

- a) Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.
- b) Non presentar a solicitude de autorización a que se refire o artigo 5.2 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- c) Non achegar a documentación sinalada no artigo 5.3 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- d) Non realizar os traballos necesarios para que as infraestruturas, pistas, camiños e/ou espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- e) Ocultar ou falsear calquera dos datos a que se refire o artigo 5.2 desta ordenanza.
- f) Ocultar ou falsear a documentación relacionada no artigo 5.3 desta ordenanza.
- g) Realizar os traballos de saca de madeira usando infraestruturas, pistas, camiños e/ou espazos públicos municipais respecto dos cales se tivese denegado por parte do Concello a súa utilización.

h) Deixar as vías públicas municipais nun estado que supoña unha situación de risco para a seguridade vial, segundo o informe municipal que se emita.

i) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa.

3. Son infraccións graves:

a) Non presentar a solicitude de autorización (aínda que se achegue despois de ser requirido polo Concello).

b) Deixar as vías municipais en deficiente estado, segundo o informe municipal que se emita.

c) Non derrubar ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se construíron ou abriron para entrar nos terreos.

d) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas leves, que sexan firmes na vía administrativa.

4.- Constitúe infracción leve calquera outro incumprimento dos requisitos, obrigas e/ou prohibicións establecidas nesta ordenanza, e que non estea cualificada como moi grave ou grave.

5.- Na valoración da gravidade das infraccións teranse en conta a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración dos feitos, a capacidade económica do infractor e a intensidade dos danos causados ás vías públicas e/ou aos usuarios das mesmas.

Artigo 11. Responsables.

1.- Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de madeireiros.

2.- Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeireiros, unha vez sexan requiridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.

Artigo 12. Procedemento sancionador.

A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto nas Leis 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do Réxime Xurídico do Sector público, e 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 13. Sancións.

1.- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros.

- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 euros e 1.000,00 euros.

- Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 1.000,01 euros e 3.000,00 euros.

2.- Na gradación das sancións deberase gardar a axeitada adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada.

3.- A imposición das sancións que procedan non eximirá aos responsables de realizar os traballos de limpeza que sexan necesarios, da reparación dos danos causados e de indemnizar polos prexuízos e perdas a que houberse lugar.

Artigo 14. Órganos competentes.

1.- Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador o alcalde ou concelleiro en quen delegue.

2.- A función instrutora exercerase pola autoridade ou funcionario que designe o órgano competente para a incoación do procedemento, sen que poida recaer en quen tivera competencia para resolver o mesmo.

3.- Será órgano competente para resolver o procedemento sancionador o alcalde, o no seu caso, a Xunta de Goberno Local.

Artigo 15. Prescrición das infracción e sancións

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que fora imposta a sanción.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a ordenanza municipal reguladora das condicións de seguridade e salubridade dos usos forestais do solo e dos procesos extractivos de madeira publicada no BOP nº 184 de 12/08/2014.

DISPOSICIÓN FINAIS.

Primeira.- Habilítase á Alcaldía para ditar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Segunda.- En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.>>

ANEXO I

REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS

1. DATOS DA EMPRESA

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES:			CONCELLO		
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		

2. DATOS DOS VEHÍCULOS E/OU MAQUINARIA A EMPREGAR NA ACTIVIDADE

VEHICULO	MARCA	MODELO	MATRICULA	PMA	TARA

3. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA TRANSPORTISTA (para cubrir só no caso de que as operacións de transporte se realicen por empresa distinta do madeireiro)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES:			CONCELLO		
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		

DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (Marque cunha "x" a documentación que se anexa)

- Copia do DNI/CIF do interesado.
- Copia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións.

En _____, a ____ de ____ de 20__

PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

Asdo.

ANEXO II

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA

1. DATOS DO RESPONSABLE DA EMPRESA EXTRACTORA

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES:			CONCELLO
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

2. DATOS DO TITULAR DA FINCA

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:	
ENDEREZO:	CONCELLO:

3. LOCALIZACION DA FINCA/MONTE AFECTADO

LUGAR/ES:	PARROQUIA:
POLIGONO/OS:	PARCELAS/AS:

4. DATOS DA TALA

CAMIÑOS A EMPREGAR PARA SACAS E TRANSPORTE DA MADEIRA:
LUGAR DE DEPOSITO DE MADEIRA E CAMIÑOS A EMPREGAR NA SACAS DE MADEIRA:
DATA PREVISTA DE INICIO OS TRABALLOS DE SACAS DE MADEIRA:
DATA PREVISTA DE REMATE OS TRABALLOS DE SACAS DE MADEIRA:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Como responsable do depósito, saca e transporte de madeira descrito nesta solicitude, comprometome a reposición de danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar, así como todos os lixos que puideran ocasionarse da actividade da zona de extracción.

DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (Marque cunha "x" a documentación que se anexa)

No seu caso, fotocopia da solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Cando sexa o caso, copia das autorizacións sectoriais precisas (organismo de conca, patrimonio cultural, estradas, etc)

Plano indicativo dos camiños e vías a empregar nas operacións de saca de madeira e das zonas elixidas para depósito da madeira

Copia de transferencia bancaria en concepto de fianza en metálico ou orixinal de aval bancario en concepto de garantía, no caso de non presentar seguro de responsabilidade civil

Outros:

En _____, a ____ de ____ de 20__

PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

Asdo.

Continuación anexo II

CALCULO DE GARANTIA

CANTIDADE DE TN. A EXTRAER	GARANTIA (1 €/TN)	IMPORTE

TIPO DE VIA A EMPREGAR	GARANTIA (1 €/METRO LINEAL)	IMPORTE
Camiño de terra, zahorra ou similar		

TIPO DE VIA A EMPREGAR	GARANTIA (2 €/METRO LINEAL)	IMPORTE
Estrada asfaltada, formigón ou similar		

TOTAL	
-------	--

IMPORTE DE FIANZA EN METÁLICO A INGRESAR NO Nº DE CONTA: ES20 - 2080 - 0122 - 46 - 3110000022, (A Banca)

OBSERVACIÓNS:

ANEXO III

SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE GARANTIA POR AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA
--

DATOS SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZON SOCIAL	DNI OU CIF:
ENDEREZO:	TELEFONO

DATOS AUTORIZACIÓN

LUGAR DA SACA E TRANSPORTE	DATA DE VERIFICACIÓN FAVORABLE DA COMUNICACIÓN PREVIA:
DATA DE REMATE DOS TRABALLOS	CUANTIA DE GARANTIA

Unha vez rematado os traballos de actividades extractivas de madeira, solicito a devolución de garantía.

Certificado de conta bancaria para ingreso de fianza en metalico (de ser o caso)

Outros:

En, a ,..... de,..... do 20..

Asdo:.....

Anuncio

Sendo aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión de data 28/09/2017 a "Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Guitiriz" publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo de aprobación do regulamento, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da ordenanza aprobada é o seguinte:

<<ORDENANZA XERAL REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

PREÁMBULO RELATIVO Á MODIFICACIÓN

O 29 de maio de 2009 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a primeira Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Guitiriz. Nestes case oito anos xa transcorridos fóronse producindo determinadas modificacións na normativa reguladora das subvencións (tanto estatal como autonómica) que provocaron un pequeno desfase no texto da Ordenanza de 2009, pero sen producirse nunca problemas de interpretación que non fosen salvables a través dunha interpretación sistemática da Ordenanza coa nova normativa.

Nembargantes, recentemente acaba de entrar en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPA, en diante) que na súa Disposición Final Quinta establece que "*En el plazo de un año a partir de la entrada en vigor de la Ley, se deberán adecuar a la misma las normas reguladoras estatales, autonómicas y locales de los distintos procedimientos normativos que sean incompatibles con lo previsto en esta Ley.*" En cumprimento desta Disposición, así como dos artigos 130 e 132 do mesma Lei, o Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o día 30/12/2016 aprobou o "*Plan normativo municipal para o ano 2017*" que recolle a Ordenanza Xeral de Subvencións como unha das normas regulamentarias municipais a actualizar para o ano 2017.

Considérase que na modificación proposta se da cumprimento aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da LPA. Así, en primeiro lugar concorren razón de necesidade e eficacia dado que actualmente a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Guitiriz está lixeiramente desfasada ao conter referencias a normativa derogada.

A modificación proposta respecta os principios de proporcionalidade dado que unicamente se plantexan tres tipos de modificacións:

- Eliminación das referencias á normativa derogada (por exemplo, a Ley 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou o Real decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación).
- Mellora da técnica normativa á vista de problemas de tramitación que se foron observando ao longo destes anos de vixencia da ordenanza.
- Eliminación dos trámites innecesarios á vista do novo réxime xurídico do procedemento administrativo común consagrado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Plantéxase unha proposta acorde co ordenamento xurídico nacional e comunitario, polo que se entende que se cumpre co principio de seguridade xurídica.

Ao non plantexar cargas administrativas innecesarias aos administrados (ao contrario, preténdese eliminar cargas administrativas superfluas), considérase que se cumpre co principio de eficiencia

A presente modificación non ten en si mesma unha incidencia en relación cos ingresos e gastos públicos municipais, razón pola cal se entende que non ten incidencia nos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En último lugar, para dar cumprimento ao principio de transparencia, esta modificación será obxecto de consulta pública nos termos do artigo 7 das "*Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de*

Elaboración das Ordenanzas e Regulamentos”, aprobadas polo Pleno da Corporación na súa sesión celebrada o 26/01/2017.

Artigo 1. Obxecto.

No marco da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a presente Ordenanza ten por obxecto regular o réxime e o procedemento xeral das subvencións outorgadas polo Concello de Guitiriz.

Artigo 2. Concepto de subvención.

1. Considérase subvención toda disposición dineraria realizada polo Concello de Guitiriz a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega sexa realizada sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega esté suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizado ou por desenrolar, ou a concurrencia dunha situación estando obrigado o beneficiario a cumprir as obrigas materiais e formais que se establecen nesta ordenanza ou se determinen nas normas das convocatorias específicas, ou nas resolucións, acordos ou convenios de concesión, de ser o caso.
- c) Que o proxecto, acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade pública ou de interese social ou de promoción dunha actividade pública.

2. Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias entre diferentes Administracións públicas, así como entre a administración e os organismos e outros entes públicos dependentes destas, destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio das súas competencias.

Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias que en concepto de cotas realicen as entidades que integran a Administración local a favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Non terán carácter de subvención as comprendidas nos supostos a que se refire o apartado 4º do artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións.

3. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as seguintes:

- a) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- b) As subvencións aos grupos políticos do Concello, segundo o estableza a súa propia normativa.

Artigo 3. Principios.

Con carácter xeral as subvencións que se concedan, estarán presididas polos principios de publicidade, transparencia, libre concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Tamén debe presidir o principio de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Corporación así como a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 4. Réxime xurídico.

As subvencións rexiranse por esta ordenanza e no non previsto nela pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo e supletoriamente polas normas de dereito privado.

Artigo 5. Características das subvencións.

- Estarán afectadas ao cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu outorgamento.
- Non poderán obedecer a mera liberalidade.
- Terán carácter voluntario e eventual, non xerarán dereito a obtención doutras en anos vindeiros e non poderán invocarse como precedente.
- Non xerará en favor do beneficiario dereito a esixir o aumento ou revisión.
- A entrega da subvención non suporá contraprestación directa do beneficiario.
- Non terán carácter contractual.
- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concurrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total da actividade a desenvolver polo beneficiario.
- Serán revocabables ou reducibles de oficio cando se comprobe que a actividade subvencionada non foi realizada total ou parcialmente, ou que se aplique a unha finalidade diferente daquela para a que foi concedida.
- As actividades subvencionadas deberán ser realizadas antes de finalizar o prazo que se establece na resolución da concesión e, en todo caso, antes do 31 de decembro do ano da súa concesión. En supostos

excepcionais contemplados nas bases da convocatoria, poderase outorgar un prazo de realización máis longo.

Artigo 6. Contía das subvencións.

O importe da subvención poderá acadar o 100% do custe da actividade subvencionada, cuxa contía final estará en función do que se determine para cada convocatoria e dentro do crédito orzamentario habilitado para a satisfacción do interese xeral que se persigue coa súa concesión, procedéndose, se fose necesario, a diminuir proporcionalmente os importes das subvencións ata axustarse ao crédito dispoñible.

O disfrute das subvencións que poida conceder o Concello de Guitiriz é compatible con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que poida percibirse de calquera outra entidade pública ou privada, sempre que a súa contía non supere o orzamento do proxecto ou actividade para o que se solicita ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do gasto subvencionable que se estableza.

Artigo 7. Beneficiarios e Entidades Colaboradoras.

1. Terán a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que teña que levar a cabo a actividade fundamento do outorgamento da subvención ou que se encontre en situación que lexitime a súa concesión. Poderán ser beneficiarios das subvencións económicas que se regulan na presente ordenanza e, en consecuencia, peticionarias destas:

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no Concello de Guitiriz, que realicen actividades de interese municipal.
- b) As persoas físicas domiciliadas no Concello que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, e as persoas físicas que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Guitiriz, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio da mesma.

2. As bases reguladoras de axudas ou subvencións poderán establecer que a xestión e o pago das axudas ou subvencións se efectúe a través dunha entidade colaboradora. Ten a consideración de entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta da entidade concedente, a tódolos efectos relacionados coas subvencións, distribúe e entrega os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras ou colabore na xestión da subvención sen que se leve a cabo a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades as que fai referencia o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Artigo 8. Obrigas dos beneficiarios.

Serán obrigas dos beneficiarios:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportameto que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou á entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos ou condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o disfrute da subvención.
- c) Someterse a actuacións de comprobación que poidera efectuar a entidade concedente, así como a facilitar os datos que se lle requiran.
- d) Comunicar á entidade concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos e recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á justificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión, atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social.
- f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente acreditados nos termos esixidos na legislación vixente ou bases reguladoras da convocatoria das subvencións.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de publicidade do carácter público da financiación da actividade, programa ou actuación obxecto da subvención.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos previstos legal ou regulamentariamente.
- j) Rendición de contas en forma legal ou regulamentaria.
- k) Facer constar expresamente na publicidade, difusión e publicacións, que o programa, actividades, investimentos ou actuacións obxecto de subvención contan coa colaboración económica do Concello de Guitiriz, para o que utilizarán o logotipo facilitado polo Concello. As bases reguladoras das subvencións concretarán a forma, instrumentos e medios para cumprir esta obriga de publicidade.

Artigo 9. Procedementos de Concesión de subvencións.

As subvencións poderán concederse de forma directa ou mediante procedemento en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 10. Concesión directa.

1. Poderán concederse de xeito directo as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos do Concello ou, no seu caso, dos organismos autónomos.
- b) Aquelas respecto ás que os seu otorgamento e contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que de xeito motivado, se acredite a concorrencia de razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

2. O convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamento municipal e deberán conter como mínimo os seguintes extremos:

- Definición do obxecto da subvención.
- Compromisos das partes.
- Documentación que debe chegar o beneficiario, de ser o caso.
- Crédito orzamentario ao que se imputa a subvención.
- Gastos que se subvencionan e prazo no que debe executarse o gasto.
- Posibilidade ou non de subcontratación da actividade subvencionada.
- Posibilidade de efectuar pagamentos anticipados.
- Porcentaxe do orzamento de gasto que deberá financiar o beneficiario.
- Réxime de compatibilidade con outras subvencións ou axudas, públicas e/ou privadas.
- Réxime de xustificación.
- Prazo de vixencia do convenio, posibilidade de prórroga e requisitos e condicións para que proceda a mesma.
- Especialidades, de ser o caso, que supoñan excepcións ás regras xerais establecidas nesta Ordenanza e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa concordante.
- Réxime xurídico aplicable.

3. Para a concesión das subvencións de emerxencia social ao amparo do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións deberán constar no expediente, como mínimo, os seguintes trámites:

Informe do/a Técnico/a competente dos Servizos Sociais municipais no que se acredite que concorren razóns que xustifican a concesión da subvención de xeito directo. Neste informe poderáse propoñer xustificadamente que o abono da axuda se efectúe en especie ao beneficiario, abonando as facturas representativas do gasto ao correspondente proveedor.

- Proposta de Resolución formulada polos Servizos Sociais municipais ao órgano competente para a concesión de subvencións.
- Fiscalización da Intervención municipal
- Concesión da subvención polo órgano municipal competente.
- Xustificación da subvención por parte do beneficiario.

Artigo 11. Concesión en Réxime de Concorrencia Competitiva.

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarse en réxime de concorrencia competitiva. Terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados das bases reguladoras e na convocatoria, dentro do crédito dispoñible, aquelas que houberen obtido unha maior valoración en aplicación dos citados criterios.

1.-INICIACIÓN

O procedemento iniciárase de oficio mediante convocatoria efectuada polo órgano competente para a súa resolución e publicada no taboleiro de edictos da Corporación, na Sede Electrónica municipal, e no Boletín Oficial da Provincia.

2.-BASES REGULADORAS

Non poderá iniciarse o procedemento de concesión de subvencións sen que previamente o órgano competente teña establecido as bases reguladoras da convocatoria da subvención. As bases deberán respetar o disposto nesta Ordenanza Xeral e conterá como mínimo:

- a) Indicación das disposicións que estableza, de se-lo caso, as bases reguladoras e o lugar en que está publicada, agás que, en atención a súa especificidade éstas se inclúan na propia convocatoria.
- b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos disponibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
- c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
- d) Expresión de que a concesión se efectúa mediante réxime de concurrencia competitiva.
- e) Requisitos para solicitar a subvención e xeito de acreditarlos.
- f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
- g) Prazo, forma e lugar de presentación de solicitudes.
- h) Prazo de resolución e notificación.
- i) Documentos e informacións que deben acompañar a petición.
- j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes.
- k) Indicación de si a resolución pon fin á vía administrativa.
- l) Criterios obxectivos de valoración das solicitudes, e, de se-lo caso, a súa ponderación.
- m) Medio de notificación ou publicación.
- n) Forma e prazo da xustificación do cumprimento dos fins da subvención, e de aplicación dos fondos percibidos, así como a documentación válida a efectos da justificación.
- o) Forma e prazo de pagamento da subvención.
- p) Posibilidades de efectuar abonos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deben aportar os beneficiarios.
- q) Procedemento de reintegro das subvencións percibidas.
- r) Designación do órgano colegiado que debe emitir informe previo á proposta de resolución provisional ou, no seu caso, definitiva.
- s) Procedemento sancionador.
- t) Indicación da obriga do solicitante de aportar certificados de atoparse ao corrente coa obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, o cal dependerá de se o Concello está en disposición de consultar dito extremo mediante intercambio de información coa administración correspondente).

3.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas, entidades e colectivos interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinala na convocatoria, axustándose ao impreso normalizado ó efecto (de ser o caso). As solicitudes, xunto coa documentación que se acompañe sinalada no apartado seguinte desta Ordenanza, presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz conforme ao réxime xurídico establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e demais normativa concordante, ou por calquera outro medio dos recollidos no antedito artigo, e irán dirixidas á Alcaldía.

4.-DOCUMENTACIÓN

- Instancia individualizada para cada actividade, asinada polo peticionario ou, no caso de persoas xurídicas, polo representante legal, debidamente acreditado, con indicación do domicilio a efectos de notificación.
- Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF), no caso de persoas xurídicas, e o número de identificación fiscal (DNI/NIF) no caso de persoas físicas.
- Certificación que acredite a inscrición do solicitante, cando proceda, no Rexistro público que corresponda.

- Memoria explicativa das actividades que se pretenda realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos.
- Orzamento de ingresos e gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto.
- (SUPRIMIDO)
- (SUPRIMIDO)
- Declaración responsable das subvencións solicitadas ou recibidas de institucións públicas ou privadas para dito programa.
- Compromiso firme de comunicar ao Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- Acreditación de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que adoptará algunha das seguintes formas:
 - o Declaración responsable, nos supostos recollidos no artigo 24 Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - o Certificacións de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social, excepto que as bases reguladoras da subvención exclúan esta obriga por aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non será obrigatoria a presentación dos documentos que se acaban de enumerar que xa fosen aportados anteriormente polo interesado ao Concello de Guitiriz. Neste caso, o solicitante deberá indicar en qué momento se aportou o mesmo (por exemplo, indicando o nº de anotación no Rexistro de Entrada do Concello). Igualmente deberá presentar unha declaración responsable de que ditos documentos non sufriron variación algunha e están plenamente vixentes. O Concello poderá verificar a veracidade e/ou vixencia destes documentos.

5.-INSTRUCCIÓN

- a) A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se designe na convocatoria.
- b) O órgano competente para a instrución realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución, nos termos do artigo 24.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Unha vez realizadas, e previo o informe do órgano colexiado ao que se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (de ser o caso), formulará proposta de resolución ao órgano competente para a resolución da subvención, a cal se someterá á aprobación do órgano competente para a concesión das subvencións, previa fiscalización da intervención municipal.
- c) A tramitación das solicitudes, emisión dos informes que procedan, requerimentos, resolución, notificacións, recursos e cantos actos sexan precisos para chegar á finalización do procedemento axustaranse ó preceptuado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.-RESOLUCIÓN

- a) O órgano competente á vista da proposta de resolución definitiva resolverá o procedemento.
- b) A resolución será motivada segundo dispoñan as bases reguladoras da convocatoria das subvencións, debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.
- c) A resolución conterà, en todo caso de xeito expreso, a desestimación das solicitudes que non acaden subvención.
- d) O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, agás supostos previstos legal ou regulamentariamente (ou que veña así previsto na normativa da Unión Europea), computándose o prazo dende o día seguinte á última publicación da convocatoria, agás que na mesma se pospoña os seus efectos a unha data posterior.
- e) Ó vencemento do prazo sen haberse notificado a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.
- f) A resolución do procedemento notificarase aos interesados segundo o previsto na legislación sobre (inciso suprimido) procedemento administrativo común das administracións públicas con indicación do prazo para a súa aceptación expresa, transcurrido o cal entenderase aceptada tácitamente.

7.-PUBLICIDADE

O órgano administrativo concedente dará a debida publicidade no Boletín Oficial da Provincia, na Sede Electrónica municipal e taboleiro de anuncios ás subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarios, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Non será necesaria a publicidade no suposto de que teñan asignación nominativa nos orzamentos do Concello ou organismos autónomos.

Tampouco será necesaria a publicidade no Boletín Oficial da Provincia cando o seu outorgamento e contía resulten impostos en virtude de norma de carácter legal ou cando a súa contía individual sexa inferior a 3.000 euros. As bases da convocatoria sinalarán o procedemento de publicidade alternativa.

Artigo 12. Xustificación da subvención.

1.-OBRIGA DE XUSTIFICAR

Os beneficiarios de subvencións con cargo ó orzamento municipal deberán xustificar, en todo caso, e, se é preciso, a requerimento dos Servizos Técnicos Municipais competentes, a aplicación dos fondos percibidos ante o órgano que teña tramitado a solicitude, no prazo máximo de tres meses, contados dende a data inicialmente prevista para a realización do proxecto ou actividade subvencionada. De non finalizarse o proxecto ou actividade na data sinalada, deberá solicitarse por escrito e dentro do prazo concedido inicialmente para a xustificación, polo beneficiario, a ampliación do prazo de xustificación, con indicación da data final do mesmo.

2.-GASTOS SUBVENCIONABLES

- a) Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que, sen lugar a dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido polas bases reguladoras da subvención. En ningún caso o custo de adquisición dos gasto subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.
- b) Salvo disposición expresa en contrario nas bases específicas das subvencións considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación establecido na normativa reguladora da subvención.
- c) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación da prestación (obra, servizo,...) subvencionada, nos termos do artigo 29.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- d) No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiránse as regras establecidas nos apartados 4 e 5 do artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable e os de administración específicos serán subvencionables cando estén directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a súa axeitada preparación e execución e sempre que así se prevea nas bases reguladoras.
- f) En ningún caso terán a consideración de gastos subvencionables:
 - Os xuros debedores de contas bancarias.
 - Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
 - Os gastos de procedementos xudiciais.
- g) Os tributos serán gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso serán subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda nin os tributos satisfeitos ó Concello de Guitiriz.

3.-XUSTIFICACIÓN

- a) As bases reguladoras determinarán a forma de xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención, que poderá revestir calquera das modalidades previstas no artigo 69 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións:
 1. Conta xustificativa.
 2. Acreditación por módulos.
 3. Presentación de estados contables.

- b) Ademais da documentación esixida legal e regulamentariamente en función do tipo de xustificación, en todo caso deberá presentarse a seguinte documentación:
- Declaración das actividades realizadas e do custo das mesmas, con indicación do porcentaxe que foi cuberto coa subvención.
 - A presentación das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, ademais de estar datadas no período subvencionable e conte-lo selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago. En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio ós simples "recibís". Deberá aportarse orixinal de cada un dos documentos que se presenten, para a súa compulsa e constancia no expediente.
- c) (SUPRIMIDO).
- d) Calquera outra documentación que se pedira en orde á xustificación do gasto, poderá ser esixida polo órgano xestor encargado de velar pola xustificación da subvención concedida.
- e) A Entidade Local, a través do servizo xestor, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados, utilizando os criterios recollidos no artigo 33 LXS. Asimesmo poderá comprobar directamente a execución da obra ou actividade subvencionada.
- f) Á vista da documentación xustificativa (evacuado o trámite de subsanación, de ser o caso) o órgano instructor formulará Proposta de resolución para a aprobación da xustificación (total ou parcial) que deberá elevarse á aprobación do órgano competente para a concesión da subvención, previa a fiscalización da Intervención municipal.

4.-SUBCONTRATACIÓN

O beneficiario de subvencións por actividades poderá subcontratar a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, de conformidade co previsto no artigo 29 LXS.

5.-PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN DO GASTO E PAGO.

- a) Con carácter previo á convocatoria da subvención ou a súa concesión directa deberá efectuarse a aprobación do gasto polo órgano competente dando lugar a contabilización da operación contable "A".
- b) A resolución de concesión das subvencións comportará o compromiso do gasto correspondente que orixinará a tramitación do documento contable "D".
- c) Para poder proceder á expedición da orde de pagamento da subvención deberá realizarse a previa xustificación polo beneficiario da realización da actividade subvencionada nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, excepto os casos nos que as Bases reguladoras permitan o abono anticipado da subvención.
- d) Non poderá realizarse o pago da subvención no caso de que o beneficiario no se atope ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

6.-REINTEGRO DE CANTIDADES

a) Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes supostos:

-Nos casos de declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da subvención.

-Nos supostos recollidos no artigo 37.1 da LXS.

-Nos supostos de cantidades percibidas e non invertidas para a finalidade a que foi concedida a subvención, así como de cantidades non xustificadas.

b) A devolución das cantidades axustarase ó procedemento de reintegro recollido no artigo 42 LXS, e se iniciará de oficio por acordo do Alcalde, ben por propia iniciativa, a petición razonada do servizo xestor ou por denuncia. Tamén se iniciará a consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención Municipal.

Artigo 13. Control financeiro.

O control financeiro sobre toda clase de subvención outorgada pola Entidade Local exercerase pola Intervención Xeral de conformidade co que dispoñen os artigos 220 a 222 do RDLEX. 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Título III da LXS, Título VI da Lei Xeral Presupostaria e demais normas concordantes. Dito control terá por obxecto principal comprobar o cumprimento por parte dos beneficiarios das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención e na axeitada e correcta financiación das actividades subvencionadas. Os beneficiarios e terceiros relacionados co obxecto da subvención ou da súa xustificación, estarán obrigados a prestar colaboración e a facilitar a documentación que lle sexa requerida polo persoal que efectúe o control financeiro.

Artigo 14. Infraccións e sancións administrativas.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia

Atenderase en canto a tipificación e procedemento ao previsto no título IV da lei.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Xeral reguladora das subvencións do Concello de Guitiriz entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e aplicaráse unha unha vez transcorrido o prazo a que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.>>

R. 2944

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA N.º 1 LUGO***Anuncio*

D. ROSENDO CAJOTO DIAZ, Letrado de la Administración de Justicia, del XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 1 de LUGO, por el presente,

ANUNCIO:

En el presente procedimiento JUICIO ORDINARIO 28/2014 seguido a instancia de CAFES CANDELAS SL frente a VALLALID SL, FRANCISCO JOSE FERNANDEZ DE LOS MUROS se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

SENTENCIA n° 28/17

En Lugo a 6 de marzo de 2017

Vistos por mí, M^a CARMEN LÓPEZ LÓPEZ, Juez Sustituta del Juzgado de Primera Instancia n°1 de LUGO y su partido, los presentes autos de juicio ordinario n° 28/2014, seguidos en este Juzgado a instancia de CAFÉS CANDELAS SL, representada por el Procurador Sr. Lagüela Andrade y asistida por el letrado Sr. Rivera Rodríguez contra VALLALID, SL y contra don FRANCISCO JOSÉ FERNÁNDEZ DE LOS MUROS en Rebelía Procesal.

FALLO

QUE ESTIMANDO LA DEMANDA interpuesta por el Procurador, Sr. Lagüela Andrade en nombre y representación de CAFES CANDELAS S.L, contra VALLALID,S.L y contra FRANCISCO JOSÉ FERNÁNDEZ DE LOS MUROS, DECLARO resuelto el contrato de fecha 6 de junio de 2012 suscrito por las partes, y CONDENO solidariamente a los demandados al pago de la cantidad de 31.222,34 euros, según se recoge en el Fundamento Tercero de la demanda.

Todo ello con expresa imposición de las costas procesales a la parte demandada.

MODO DE IMPUGNACIÓN: mediante recurso de APELACIÓN ante la Audiencia Provincial de LUGO en el plazo de VEINTE DÍAS

Así la pronuncia y firma.”

Y encontrándose dicho demandado, VALLALID SL, FRANCISCO JOSE FERNANDEZ DE LOS MUROS, en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

LUGO a treinta de mayo de dos mil diecisiete.- EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 2946

Anuncio

D. ROSENDO CAJOTO DIAZ, Letrado de la Administración de Justicia, del XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 1 de LUGO, por el presente,

ANUNCIO:

En el presente procedimiento ordinario 498/2013 seguido a instancia de CAFES CANDELAS SL frente a YOLANDA PEREZ GUERRA se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

SENTENCIA n° 5/16

Lugo, a dieciocho de diciembre de dos mil dieciséis.

Vistos por mí, Dña. Diana Vales Laguna, Juez de refuerzo del Juzgado de Primera Instancia N° 1 de Lugo, los presentes autos de juicio ordinario registrados con el número 498/2013 en los que han intervenido: como demandante CAFES CANDELAS, SL, asistida del letrado D. Miguel Rivera Rodríguez y representada por el procurador D. José Carlos Lagüela Andrade, y como demandada DÑA. YOLANDA PEREZ GUERRA, declarada en rebeldía procesal, teniendo por objeto una acción de resolución de contrato y una acción de reclamación de cantidad.

FALLO

ESTIMO TOTALMENTE LA DEMANDA y DEBO DECLARAR y DECLARO resuelto el contrato de suministro en exclusiva suscrito po la entidad mercantil CAFES CANDELAS, SL y la demandada DNA. YOLANDA PEREZ GUERRA en fecha 16 de diciembre de 2011, por incumplimiento contractual de la demandada, DEBO CONDENAR y CONDENO a la demandada DÑA. YOLANDA PÉREZ GUERRA al pago a CAFES CANDELAS, SL, en concepto de indemnización para el resarcimiento de los perjuicios irrogados por el referido incumplimiento, de la cantidad de 26.863,42 euros, más los intereses legales desde la fecha de interposición de la presente demanda, y DEBO CONDENAR y CONDENO a la demandada DNA. YOLANDA PEREZ GUERRA al pago a CAFES CANDELAS, SL de la cantidad de 77,90 euros por los suministros efectuados y no pagados, más los intereses legales desde la fecha de interposición de la presente demanda. Con imposición de costas a la demandada.

Notifíquese la presente resolución a las partes, haciéndoles saber que contra la misma cabe recurso de apelación que se interpondrá ante este Juzgado en el plazo de veinte días a contar desde el siguiente a su notificación para ser resuelto por la Ilma. Audiencia Provincial de Lugo, siendo necesario que para ello se proceda a ingresar en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones de este Juzgado el Depósito establecido por la Ley Orgánica 1/2009, de 3 de noviembre.

Así por esta mi sentencia, que se notificará en legal forma a las partes, cuyo original se llevará al libro de sentencias de este Juzgado dejando las actuaciones testimonio literal de la misma, la pronuncio, mando y firmo.”

Y encontrándose dicho demandado, YOLANDA PEREZ GUERRA, en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

LUGO a veintisiete de abril de dos mil diecisiete.- EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 2947

Anuncio

CÉDULA DE NOTIFICACIÓN

En el procedimiento de referencia se ha dictado la resolución del tenor literal siguiente:

SENTENCIA n° 172/16

En Lugo a 30 de junio de 2016

Vistos por mi, M^a CARMEN LÓPEZ LÓPEZ, Juez Sustituta del Juzgado de Primera Instancia n°1 de LUGO y su partido, los presentes autos de juicio ordinario n° 1212/2014, seguidos en este Juzgado a instancia de CAFÉS CANDELAS SL, representada por el Procurador Sr. Lagüela Andrade y dirigida por el Letrado Sr. Rivera Rodríguez contra Dña. MARÍA DE LA PUENTE CUESTA en Rebeldía Procesal.

FALLO

QUE ESTIMANDO LA DEMANDA interpuesta por el Procurador, Sr. Lagüela Andrade en nombre y representación de CAFES CANDELAS S.L, contra D MARÍA DE LA PUENTE CUESTA declaro la resolución del contrato de suministro de café en exclusiva suscrito por la entidad mercantil CAFÉS CANDELAS, SL y la demandada en fecha 3-4-2014, y la condeno al pago de 8.441,54 euros en concepto de indemnización para el resarcimiento de los perjuicios irrogados por el referido incumplimiento, más los intereses legales que se devenguen a partir de la presente reclamación judicial, según se recoge en el Fundamento tercero de esta resolución.

Todo ello con expresa imposición de las costas procesales a la parte demandada.

MODO DE IMPUGNACIÓN: mediante recurso de APELACIÓN ante la Audiencia Provincial de LUGO en el plazo de VEINTE DÍAS

Así la pronuncia y firma.”

Y como consecuencia del ignorado paradero de MARIA DE LA PUENTE CUESTA, se extiende la presente para que sirva de cédula de notificación.

En LUGO, a veintiséis de diciembre de dos mil dieciséis.- EL LETRADO DE LA ADMINISTRACION DE JUSTICIA JUDICIAL

R. 2948

Anuncio

CÉDULA DE NOTIFICACIÓN

En el procedimiento de referencia se ha dictado la resolución del tenor literal siguiente:

SENTENCIA n° 185/16

En Lugo a 29 de julio de 2016

Vistos por mí, M^a CARMEN LÓPEZ LÓPEZ, Juez Sustituta del Juzgado de Primera Instancia n°1 de LUGO y su partido, los presentes autos de juicio ordinario n° 106/2015, seguidos en este Juzgado a instancia de CAFÉS CANDELAS SL, representada por el Procurador Sr. Lagüela Andrade y dirigida por la Letrada Sra. López Peña contra Dña. RAADU GEORGIANA en

Rebeldía Procesal.

FALLO

QUE ESTIMANDO LA DEMANDA interpuesta por el Procurador, Sr. Lagüela Andrade en nombre y representación de CAFES CANDELAS S.L, contra D RAADU GEORGIANA, DECLARO la resolución del contrato de suministro de café en exclusiva suscrito por la entidad mercantil CAFÉS CANDELAS, SL y la demandada en fecha 9-2-2012, y la condeno al pago de 23.382,27 euros en concepto de indemnización para el resarcimiento de los perjuicios irrogados por el referido incumplimiento, más los intereses legales que se devenguen a partir de la presente reclamación judicial, según se recoge en el Fundamento tercero de esta resolución.

Asimismo la demandante, una vez le haya sido satisfecha la indemnización habrá de restituir a la demandada los kgs de café pendientes de suministrar.

Todo ello con expresa imposición de las costas procesales a la parte demandada.

MODO DE IMPUGNACIÓN: mediante recurso de APELACIÓN ante la Audiencia Provincial de LUGO en el plazo de VEINTE DÍAS

Así la pronuncia y firma.”

Y como consecuencia del ignorado paradero de RAADU GEORGIANA, se extiende la presente para que sirva de cédula de notificación.

En LUGO, a veintiocho de diciembre de dos mil dieciséis.- EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 2949

Anuncio

D. ROSENDO CAJOTO DIAZ, Letrado de la Administración de Justicia, del XDO. PRIMEIRA INSTANCIA de N. 1 de LUGO, por el presente,

ANUNCIO:

En el presente procedimiento Ordinario n° 654/2014 seguido a instancia de CAFES CANDELAS SL frente a GEMMA BATANERO HERNANDEZ se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

SENTENCIA n° 64/16

En Lugo, a catorce de marzo de dos mil dieciséis.

Vistos por mí, Dña. Diana Vales Laguna, Juez de refuerzo del Juzgado de Primera Instancia N° 1 de Lugo, los presentes autos de juicio ordinario registrados con el número 654/2014 en los que han intervenido: como demandante CAFES CANDELAS, SL, asistida del letrado D. Miguel Rivera Rodríguez y representada por el procurador D. Jopé Carlos Lagüela Andrade, y como demandada DNA. GEMMA BATANERO HERNANDEZ, declarada en rebeldía procesal, teniendo por objeto una acción de resolución de contrato y una acción de reclamación de cantidad.

FALLO

ESTIMO SUSTANCIALMENTE LA DEMANDA y DEBO DECLARAR y DECLARO

resuelto el contrato de suministro en exclusiva suscrito por la entidad mercantil CAFES CANDELAS, SL y la demandada DNA. GEMMA BATANERO HERNANDEZ en fecha 19 de marzo de 2013, por incumplimiento contractual de la demandada, DEBO CONDENAR y CONDENO a la demandada DNA. GEMMA BATANERO HERNANDEZ al pago a CAFES CANDELAS, SL, en concepto de indemnización para el resarcimiento de los perjuicios irrogados por el referido incumplimiento, de la cantidad de 13.006,50 euros, más los intereses legales desde la fecha de interposición de la presente demanda, y DEBO CONDENAR y CONDENO a la demandada DNA. GEMMA BATANERO HERNANDEZ al pago a CAFES CANDELAS, SL de la cantidad de 104,82 euros por los suministros efectuados y no pagados, más los intereses legales desde la fecha de interposición de la presente demanda. Con imposición de costas a la demandada.

Notifíquese la presente resolución a las partes, haciéndoles saber que contra la misma cabe recurso de apelación que se interpondrá ante este Juzgado en el plazo de veinte días a contar desde el siguiente a su notificación para ser resuelto por la Ilma. Audiencia Provincial de Lugo, siendo necesario que para ello se proceda a ingresar en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones de este Juzgado el Depósito establecido por la Ley Orgánica 1/2009, de 3 de noviembre.

Así por esta mi sentencia, que se notificará en legal forma a las partes, cuyo original se llevará al libro de sentencias de este Juzgado dejando las actuaciones testimonio literal de la misma, la pronuncio, mando y firmo.”

Y encontrándose dicho demandado, GEMMA BATANERO HERNANDEZ, en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

LUGO a veintinueve de Junio de dos mil dieciséis.- EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 2950